

ACTA

Mesa de coordinación externa do programa CAI

Mesa comunitaria de infancia

Día: martes 24 de marzo de 2026

Hora: 13:00h

Lugar: Casa Común dos Tilos

Orde do día:

1. Aprobación da acta da última xuntanza da Mesa de 17 de xuño de 2025.
2. Proposta de *Elaboración protocolo municipal de prevención do acoso escolar e cyberbullying*. Intervenien as *Toupas de Teo*, grupo de participación infantil e adolescente de Teo.
3. Breve posta en común de actuacións en materia de infancia e adolescencia por parte das entidades presentes.
4. Outros

Deliberacións:

1. Aprobación da acta da última xuntanza da Mesa de 17 de xuño de 2025. Abre a sesión o presidente da Mesa, o concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais, Juan Jesús Cerqueiro Pintos. Aprobase por unanimidade cos votos das persoas presentes na última sesión. O concelleiro da a benvida a representación adulta e infantil e cede a palabra a técnica do programa Ciudades Amigas da Infancia Eva López.

2. Proposta de *Elaboración protocolo municipal de prevención do acoso escolar e cyberbullying*.

Eva López comenta que a organización desta mesa redonda ten como finalidade dar a coñecer a proposta elaborada polas Toupas de Teo sobre a elaboración dun protocolo municipal de prevención do acoso escolar e cyberbullying. presentada no último Consello Local de Infancia, e que pensamos que este órgano con representación comunitaria é o idóneo para valoralo e poñelo en marcha.

Cédelle a palabra a Ainhoa, membro do FoPIA, que preparou un escrito sobre a realidade do acoso escolar comentando que ela mesma o viviu. No seu discurso (Anexo I) achega a súa experiencia persoal e subliña que o acoso escolar continúa sendo unha realidade presente e non un problema xa superado. Sinala que, en ocasións, as

respostas institucionais poden resultar insuficientes ou pouco axeitadas, percibindo que ás vítimas se lles resta importancia ou se promove unha reconciliación cos agresores sen abordar previamente o dano sufrido. Ainhoa comenta tamén os diferentes indicadores, destaca a relevancia da observación activa por parte da comunidade educativa e do entorno adulto. Apunta que sinais como o illamento social, a exclusión por parte do grupo, a ansiedade asociada ao uso do teléfono móbil ou as burlas reiteradas poden ser indicios de posibles situacións de acoso, especialmente no ámbito do cyberbullying, onde frecuentemente existe un trasfondo máis complexo que simples bromas. Finalmente, pon o foco na necesidade de reforzar a detección temperá e a intervención rápida, reclamando unha maior protección das vítimas e a identificación clara dos casos para actuar con contundencia cando sexa preciso. Subliña tamén a importancia de contemplar a dimensión da privacidade dixital e as vulneracións graves de dereitos nas redes, que poden requirir medidas legais nos casos máis graves.

A continuación, ábrese unha quenda de intervencións no grupo na que participan tanto a representación adulta como infantil asistente, onde se comenta a situación do tema na súa entidade ou que poderían aportar eles a este protocolo. Carlos, psicólogo do SAT comenta a gran importancia de poñer nome aos casos e a necesidade de escoitar, destaca que os iguais son un ollo nesta problemática xa que eles saben realmente o que acontece, destaca que un neno ou nena sabe identificar quen dos seus compañeiros/as o está pasando mal, mentres que aos adultos ás veces complícaselles máis. Mercedes, a pediatra fai fincapé na importancia de atender os sinais do acoso xa que os casos chegan tarde a consulta, referíndose ao ámbito da saúde e destacando que nese punto xa teñen un deterioro emocional polo sufrimento. Propón polo tanto, a necesidade de ter un pacto – compromiso coas familias duns mínimos para poder coidar o ámbito emocional dos seus fillos e fillas e poder falar dos puntos que lles preocupan nesta situación. Por último, Mercedes resalta a idea de Carlos en canto aos grupos de iguais e di que é importante a identificación dos casos de acoso a través destes. Alberto, técnico das bibliotecas de Teo, indica que a biblioteca é un lugar de ocio onde tamén se debería incorporar algún protocolo xa que comenta que eles non poden estar pendentes do que se fai ou non nos ordenadores polo que ve importante a elaboración dunhas pautas para a detección destes casos.

Aurelio e Mateo, membros do FoPIA, comentan que no seu caso moitas veces non se sabe como actuar cando presencian un caso de acoso e iso é un problema. Xoán, orientador do IES Cacheiras, recalca a importancia que teñen os espectadores nestes casos e a necesidade de axudar aos nenos e nenas a dicir o que pasa, deixando claro que contalo non é “chivarse”. Lucía, orientadora do ceip de Calo afirma que a pesar da existencia do protocolo educativo de actuación moitas veces se actúa tarde, e que hai que fixarxe no colectivo dos acosadores como un colectivo tamén vulnerable. Indica que no seu centro na actualidade teñen aberto un protocolo de acoso escolar. Manuel, orientador do ceip Os Tilos, comenta que incluso coa existencia de protocolos sigue habendo moitas consultas a Educación por parte dos centros, e recalca a importancia dos *Puntos Laranxas* e a súa maior visibilización. Incide así na importancia de establecer protocolos conxuntos e refire que ven de asinarse un convenio entre a Consellería de Educación e a FEGAMP para poder definir e diferenciar o acoso doutras

condutas violentas, poñendo de manifesto a sobreprotección que exercen algunhas familias no que atinxe ás relacións dos seus fillos cos iguais. Lucía orientadora do ceip de Calo a este respecto afirma que lles crea dúbidas na aplicación do protocolo o feito dos comportamentos violentos por parte da infancia con discapacidade. Dáselle paso novamente a Ainhoa, onde quere dar resposta a certas ideas que se foron falando, primeiramente di que os protocolos non eximen do acoso e que ás veces non son ferramentas fiables. Pon de manifesto a importancia da actuación nestas situacións e responde que as etiquetas persoais ou diagnósticos non son excusas para eximir as persoas das súas responsabilidades e actos de acoso. Marisé, Atelier Social, continúa coa idea de que hai que educar tanto a ser cómplice como aliado así como a que os nenos e nenas poidan comunicar estes problemas con máis tranquilidade. Propón a importancia do xogo neste caso, onde se pode crear unha rede de apoio a través do mesmo. Marisé refire que centrar as medidas no agresor revítimiza ás vítimas. Ana, representante da Asociación ArcosTilos, mostra a súa preocupación co tema comentando que nos centros escolares e deportivos si que se teñen protocolos de actuación mentres que no ámbito social non. Indica que dende a Xunta os protocolos apartan as vítimas e que iso non debería ser xa que non favorece a súa situación emocional. Declara a necesidade de pautas máis efectivas e a necesidade dun cambio rápido e real.

Dende a ANPA Rio Tella, móstrase a preocupación das nais e pais polo tema do acoso e cyberbullying, ademais comentase que van realizar un obradoiro para o alumnado de 4º, 5º e 6º para a prevención e detección dos casos na aula. Ademais, di que farán uns talleres para o curso que ven coas familias xa que se evidencia unha gran falta de concienciación. A raíz disto, Rosario Iglesias, do *Plan comarcal de prevención de Drogodependencias*, comenta que están levando a cabo un plan de prevención de drogas e ademais que están a desenvolver nos cursos de 6º de EP habilidades sociais e que os seus plans de prevención son cada vez máis demandados no curso de 5º. Comenta que fai falta unha educación de identificación no inicio do acoso, situacións de violencia e que hai falta de integración doutras culturas. Van facer tamén obradoiros de resolución de conflitos en 2º ESO. María, a concelleira de Educación intervén dicindo que van facer un taller de formación o 29 de abril para as familias sobre resolución de conflitos, e que debido á baixa participación en anos anteriores cambiaron a forma de chegar coa información ás familias e este curso lle darán a cada alumno/a un papel coa información da actividade.

De seguido, Xabier Riádigos, membro do grupo de investigación SEPA -USC, expresa que a rapazada aínda que coñezan os protocolos non saben como funcionan, remarca polo tanto a necesidade de definir ben os espazos seguros e que os protocolos sexan elaborados tamén por parte da rapazada. Ademais, indicou que se precisan recursos para poñer en marcha as medidas de prevención. Ariadne, membro das Toupas de Teo, di que nos colexios as charlas que se dan non serven para nada porque a xente as toma como unha forma de perder clase aínda que os temas que se traten sexan importantes como é o acoso escolar, por iso cre necesario facer outro tipo de técnicas de concienciación máis efectivas e atractivas para a mocidade. Mateo engade a gran importancia que ten educar aos nenos e nenas dende a infancia xa que di que é máis sinxelo que educar aos adolescentes, pensa que esta é a mellor forma de

concienciación xa dende unha idade temperá. Por último, Aurelio explica a gran necesidade de prevención deste tipo de situacións coa posta en marcha de campañas de sensibilización e formación aínda que el pensa que nos centros educativos o alumnado está sensibilizado no aspecto de ver con malos ollos aos acosadores/as. Ademais, comenta como el pensa que non existe un perfil fixo de persoa vítima ou acosadora, senón que ambas partes son vulnerables. Eva López pecha a ronda de intervencións dando as grazas a todos e todas polas súa participación e comentarios e comenta que agora pasarase a realización dunha dinámica grupal: “World café”, que permitirá recoller por escrito todas as ideas que foron saíndo e será a base dun borrador preliminar de protocolo municipal.

Procédese ao traballo grupal e debido a hora de remate da xuntanza non se realiza posta en común. Recóllense no Anexo II as fichas elaboradas por cada grupo que serán enviadas xunto coa acta da xuntanza e un borrador inicial de protocolo. A idea é que se fagan achegas por parte das diferentes entidades, co obxectivo de marcar outra reunión presencial ou on line para seguir traballando na elaboración do protocolo.

Non se tratan os puntos 3 e 4. Remata a sesión sendo as 14,40h.

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 24 de marzo de 2026.